

## XORNADA SENSIBILIZACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

[ En colaboración coa Deputación da Coruña ]

DATA REALIZACIÓN	26/07/2023	DURACIÓN	3 horas
HORARIO	De 10:00 a 13:00 hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Viveiro de Empresas de Boiro, Polígono Industrial de Espiñeira, Boiro (A Coruña)		
PERSOA CONTACTO	DE Patane García Méndez	teléfono	697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

### OBXECTIVOS

- Brindar un primeiro contacto co emprendemento colectivo no ámbito da economía social.
- Estimular o emprendemento cooperativo, o impulso de iniciativas desde a óptica cooperativa.
- Difusión e divulgación da fórmula.
- Coñecer as potencialidades do cooperativismo para a posta en marcha de actividades empresariais e creación de emprego.
- Achegar boas prácticas coa presentación de casos en formato vídeo

### PROGRAMA E CONTIDOS

- A cooperativa dentro da economía social – Os principios e valores cooperativos.
- Que é unha cooperativa? Tipos de cooperativas
- Emprende en cooperativa:
  - Apoios ó cooperativismo.
  - Boas prácticas en emprendemento cooperativo.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. Proponse a configuración nunha sesión presencial onde a persoa relatora convidará ás participantes a expoñer as súas dúbidas e alentar o debate e o contraste de informacións e opinións. O relatorio acompañarase co visionado de materiais videográficos para coñecer experiencias e boas prácticas cooperativas.

### DESTINATARIAS

Dirixido a persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomos e tecido sociocomunitario interesados en compartir servizos, recursos, investimentos, etc, a través do modelo de emprendemento cooperativo.

Esta actividade encádrase na programación do Convenio de Colaboración 2023 entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.